Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

Buxato

Ave de rapina diúrna de cor cinsenta ou parda e rabo curto, que se alimenta de roedores e paxaros pequenos.

Tamén se coñece como bexato, lamego, lamote, miato, miñato, peneireiro...

Os nenos dinlle cantando:

Buxato, buxato, que levas no papo?

Levo leite mazado.

Quen cho mazou?

María de Miou, que por aquí pasou cunha manta cuberta e un cagallón na testa!

[Ribeira de Piquín, Otero, 1977]

BIBLIOGRAFÍA

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filología, anejo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.

COMENTARIOS ENVIADOS

- Miñato, miñato, que levas no papo?

- Torta de millo e leite trallado.

- E quen cho trallou?

- Sabel de Leirado.

(Láncara)

Enviado por Vicente Ferreiro López o 29/05/2017 ás 22:22:06